

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO** (*sobre tema de tipo Filosófico*)

Avaliación da composición: 10 puntos [comprensión e explicación da temática do texto: 3 puntos; Desenvolvemento da temática do autor do texto: 5 puntos; Madurez intelectual: 2 puntos].

### **OPCIÓN 1**

“O obxecto e fin do goberno popular é a liberdade. Por iso acostuman a dicir que só nesta maneira de goberno se goza de liberdade, porque a este fin vai dirixida calquera democracia. Da liberdade, pois, é propio o mandar unhas veces e obedecer outras, porque a xustiza popular consiste na igualdade, que é conforme a número, e non no que respecta a dignidade. Introducida, pois, esta maneira de xustiza, por necesidade ha de ter o señorío a multitude, quen declara o que lle parece xusto e inxusto; porque din que é razón e convén que cada cidadán viva en igualdade”.

**ARISTÓTELES**, *Política*, Libr. VI, cap. 2.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Teoría da natureza. Explicación do cambio.**

.....

### **OPCIÓN 2**

2.1. Principio de utilidade.- “A crenza que acepta, como fundamento da moral, a utilidade ou principio de benestar maior, ten por certo que as accións son boas en proporción do benestar que reportan, e malas se tenden a producir o contrario. Por benestar enténdese pracer ou ausencia de sufrimento; por desdita, sufrimento ou ausencia de benestar”.

**J. STUART MILL**, *O Utilitarismo*, cap. 2.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **O poder político e a liberdade social e civil.**

.....

2.2. “O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual en xeral. Non é a conciencia do home a que determina o seu ser, senón, polo contrario, o ser social é o que determina a súa conciencia. Ó chegar a unha determinada fase de desenvolvemento, as forzas productivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes, ou, o que non é máis que a expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade dentro das que se desenvolveron ata alí. De formas de desenvolvemento das forzas productivas, estas relacións convértense en pexas súas. Ábrese así unha época de revolución social. Ó cambiar a base económica, revolúciónase, máis ou menos rapidamente, toda a inmensa superestrutura erixida sobre dela”.

**K. MARX**, *Prólogo da Contribución á Crítica da Economía política*.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **A alienación humana: a alienación económica.**

.....

2.3. “O nihilismo radical é o convencemento de que a existencia é absolutamente insostible se se trata dos máis altos valores que se recoñecen; amén da conclusión de que non temos o menor dereito de supoñer un “máis alá” ou un “en sí” das cousas que sexa divino, moral verdadeira. Esta conclusión é consecuencia da “vontade de verdade” inculcada no home; é dicir, é consecuencia da fe na moral”.

**F. NIETZSCHE**, *A vontade de poder*, 24.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **A doutrina de Superhome.**

**COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)**

2.4. A filosofía da linguaxe cotiá.- “O que nós facemos é *devolver* as palabras do seu uso metafísico ó seu uso cotiá”. “Cando os filósofos usan unha palabra –coñecemento, ser, obxecto, eu, proposición, nome- e tratan de captar a *esencia* da cousa, debemos preguntarnos sempre se a palabra segue usándose *realmente* dese modo na linguaxe que é o seu fogar natural, porque os problemas filosóficos xorden cando a linguaxe *está de vacacións*”. “A filosofía non pode, de ningún modo, intervir no uso real da linguaxe; en último caso, pode só describilo. Por iso, tampouco lle pode dar ningún fundamento. Déixao todo como está”.

**L. WITTGENSTEIN**, *Investigacións filosóficas*, 116-124.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Linguaxes ideais [perfectos] e filosofía**, no “Tractatus”.

.....

2.5. Estructura ontolóxica do “Dasein”.- “Así como o “ser-aí” é constantemente, mentres é xa o seu “aínda-non”, así tamén é xa sempre a súa fin. O finar amentado coa morte non significa un “ter chegado á fin” o “ser-aí” senón “un ser relativamente á fin” deste ente. A morte é un modo de ser que o “ser-aí” toma sobre si tan pronto como é. “Tan pronto como un home entra na vida, xa é bastante vello para morrer”.

**M. HEIDEGGER**, *Ser e Tempo*, 48.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Analítica existencial: Notas, determinacións ou caracteres do ser existencial humano**.

.....

2.6. Esixencia dunha reflexión crítica. Insuficiencia das concepcións científicas.- “A posición positivista oculta a problemática da constitución do mundo. O sentido do coñecemento mesmo convértese en irracional –en nome do coñecemento riguroso-, pero con iso instalámonos na inxenua posición de que o coñecemento describe, sen máis, a realidade. A esta posición pertence a teoría da verdade como copia, segundo a cal ha de ser comprendida como isomórfica a correspondencia, unívoca e reversible, de enunciado e estado de cousas. Este obxectivismo permaneceu ata os nosos días como o distintivo dunha teoría da ciencia, que entrou na palestra co positivismo de Comte”

**J. HABERMAS**, *Coñecemento e interese*, Taurus, pág. 77.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **A razón dialóxica**.

.....

2.7. A realidade, pois, ofrécese en perspectivas individuais. O que para un está en último plano, atópase para outro en primeiro termo. A paisaxe ordena os seus tamaños e as súas distancias de acordo coa nosa retina, e o noso corazón reparte os acentos. A perspectiva visual e a intelectual complícanse coa perspectiva da valoración. En vez de disputar, integremos as nosas visións en xenerosa colaboración espiritual, e como as ribeiras independentes fanse unha na grosa vea do río, compoñamos o torrente do real”.

**J. ORTEGA Y GASSET**, *Verdade e perspectiva*, O. C., II, 19

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **A vida como nova realidade radical**.

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

**1. Con carácter xeral:** os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

a) Analiza-lo contido dos textos filosóficos propostos, con rigor metodolóxico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).

b) Interpretar os textos filosóficos sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.

c) Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

**2. Con carácter específico:**

a) O alumno, mediante a composición, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea**

**principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos** e **termos** que os denominan co seu significado no texto e mostrará a trascendencia do problema proposto para a comprensión do mundo actual.

b) Mostrará, tamén na composición, o coñecemento da temática do autor e dos seus conceptos básicos, situándoa no conxunto do seu pensamento.

c) Valorarase a capacidade crítica, o rigor conceptual, a coherencia, precisión e claridade expositiva, a orixinalidade da Composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar a comprensión dos problemas filosóficos formulados, tanto no texto como na temática suxerida.

**3. Avaliación da Composición** (ata un máximo de 10 puntos)

1. Comprensión e explicación da temática do texto: ..... 3 puntos.

2. Desenvolvemento da temática do autor do texto: ..... 5 puntos

3. Madurez intelectual: ..... 2 puntos